

## Fase de reserva de prazas en centros de adscrición

De conformidade co Artigo 27, da Orde do 21 de outubro de 2022, que regula o procedemento de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, o 15 de xaneiro de 2024 iníciase os trámites do procedemento (código ED550A), coa reserva de praza nun centro de adscrición para alumnado que cambia de etapa.

**O prazo de solicitudes abranguerá do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro de 2024, ambos incluídos.**

A consulta das listaxes de alumnado admitido, que se publicarán antes do día 29 de febreiro, debe realizarse no centro no que está matriculado no presente curso ou na aplicación [admisionalumnado](#).

### Normativa de aplicación

- **Normativa de aplicación**
  - [DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro](#), polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
  - [ORDE do 21 de outubro de 2022](#) pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

### Presentación de solicitudes

**Para presentar unha solicitude deberá seguir algunha das opcións descritas a continuación:**


1. **Cubrir a solicitude manualmente e presentala asinada presencialmente no centro:**  
Se non desexa cubrir a solicitude dixitalmente pode facelo de xeito manual descargando dende os seguintes enlaces os documentos, cubrilos e presentalos firmados no centro.

### Obrigatoria a firma dos dous proxenitores.

#### 2. **Cubrir a solicitude informaticamente e presentala asinada de xeito manual no centro:**

Para presentar a solicitude presencialmente no centro deberá entrar na aplicación admisión alumnado, seleccionar a opción de menú **“Solicitudes --> Reserva --> Crear”**. Deseguido aparecerá unha pantalla con lapelas na que deberá cubrir os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, accederase á lapela **“Confirmar solicitude”**. Nesta lapela poderá confirmar os datos que indicou premendo no botón **“Confirmar”** e poderá descargarla para asinar e presentar no centro.

#### 3. **Cubrir a solicitude informaticamente e asinala en Sede Electrónica:**

Para presentar a solicitude a través da Sede Electrónica deberá acceder a admisionalumnado con usuario de Chave 365 ou con certificado dixital, para elo deberá premer na icona verde que se atopa arriba a dereita . Posteriormente deberá seleccionar a opción de menú **“Solicitudes --> Reserva --> Crear”**. Deseguido aparecerá unha pantalla con lapelas na que ten que indicar os datos necesarios, tales como datos persoais e de contacto, os datos académicos e autorizacións. Despois de cubrir a información descrita, accederase á lapela **“Confirmar solicitude”**. Nesta lapela poderá confirmar os datos que indicou premendo no botón **“Confirmar”** e posteriormente premendo no botón **“Firmar e presentar en Sede Electrónica”**, poderá firmar a solicitude dixitalmente, quedando como presentada no centro, sempre que o proceso de firma remate correctamente.

**IMPORTANTE:** Debe achegar, na Sede Electrónica da Xunta de Galicia o **anexo I bis dixitalizado (COMPROBACIÓN DE DATOS DOS MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR)**, última páxina da solicitude que pode visualizar e descargar nesta aplicación).

Debe achegar escaneada toda a documentación pertinente á hora de presentar solicitude.

Para calqueira dúbida ou aclaración podees chamar ao centro: 982870460

Se alguna familia non quisesse facer uso do dereito de adscrición (cursar Ed. Primaria no CEIP Rosalía de Castro) deberá esperar ao periodo de admisión, do 1-20 de marzo, e solicitar praza no centro que desexen.